



**Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a  
Federación Galega de Ximnasia para a organización dos Campionatos de  
España en idade escolar por seleccións autonómicas correspondentes ao ano  
2017.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O subdirector xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,  
**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación deportiva galega de Ximnasia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Ximnasia, co fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Ximnasia co fin de organizar os Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas correspondentes ao ano 2016, convocados pola Resolución da Presidencia do Consello Superior de Deportes do 28 de xullo de 2017:





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a quince de xaneiro de 2018

